



## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

### OFERTA E SELECCIÓN PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA DESEMPREGADA, AO ABEIRO DA ORDE DO 7 DE XANEIRO DE 2022 (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022), DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación dunha persoa desempregada para a realización da obra ou servizo denominado “Programa de recuperación medioambiental das Neves”, Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G), publicada no DOG. Núm. 21 de 1 de febreiro de 2022, para a contratación de persoas desempregadas para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, e ou outras tarefas de valorización forestal, con obxecto de proporcionarelle ás persoas contratadas a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral..

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de **1 posto de peón forestal**, a tempo completo durante 9 meses, expdte. núm. TR351G 2022/009-5.

A contratación da persoa traballadora seleccionada facerase de conformidade co disposto na Disposición adicional novena do *Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo*, utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, dacordo co establecido no Artigo 15.1 da Orde de convocatoria.

As retribucións serán dunha contía de 1.166,67 € brutos mensuais, que se corresponde co convenio colectivo de actividades forestais publicado no BOE nº 165 de 11 de xullo de 2019, vixente para este ano, dacordo coas bases da convocatoria das *axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) 2022*.

A selección efectuarase mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego de Pontearas. Os/as candidatos/as presentaranse no Concello o día que sexan convocados/as aportando a documentación requerida nas presentes bases.

O carácter temporal desta praza, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería de Emprego e Igualdade fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, **DISPOÑO**:

1.- Avoga-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local sobre este asunto, en base a Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do sector público.



2.- Aproba-la correspondente oferta de emprego da praza antes mencionadas, tendo en conta que só poderán optar a elas os/as candidatos/as que previamente remita ao Concello o Servizo Público de Emprego.

3.- Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección do posto de traballo mencionado, segundo o baremo exposto a continuación.

#### **BASE PRIMEIRA. REQUISITOS:**

- Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non excedan, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuir capacidade funcional e non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.
- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- De conformidade co establecido no artigo 14.2 da Orde do 7 de xaneiro de 2022 *“as persoas traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde”*

#### **BASE SEGUNDA. PUBLICIDADE**

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica. O taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a súa Sede electrónica, será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

#### **BASE TERCEIRA.SISTEMA DE SELECCIÓN:**

O Concello de As Neves presentará a correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Pontearas, facendo referencia aos requisitos e características que debe reunir o/a traballador/a que se contratar.

A Oficina de Emprego de Pontearas notificará ás persoas candidatas preseleccionadas a oferta de emprego e nesta notificación achegaralle información da documentación que se presentará no Concello. A Oficina de Emprego de Pontearas remitirá ao Concello de As Neves o listado con tódolos candidatos propostos e notificados, que será trasladado á Comisión de selección. A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se



valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

### **BASE CUARTA: SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. A persoa candidata deberá presentar, como data límite, no día en que sexa convocados pola Oficina de Emprego, a documentación requirida para poder participar no proceso selectivo.

#### **Documentación xeral a presentar:**

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I .
- DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Declaración de responsabilidades familiares (Anexo III), se fora o caso.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados (certificados, documentación acreditativa de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.).

#### **Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos:**

- Sentencia de separación ou divorcio, se fose o caso.
- Libro de familia.
- Volante de empadramento e convivencia, se fose o caso.
- Documento acreditativo dos períodos de inscrición como desempregado/a emitido pola Oficina de Emprego.
- Documentación que acrediten o esgotamento das prestacións, períodos de inscrición, se fose o caso.
- Acreditación da condición vítima de violencia de xénero. A muller vítima de violencia de xénero, acreditarase consonte a seguinte documentación:  
Certificación da orde de protección ou da medida cautelar.  
Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero .  
Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.  
Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.  
Calquera outro establecido regulamentariamente.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.





## **BASE QUINTA. DESENVOLVEMENTO E FORMA DA FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

Dacordo co artigo 14.5 da *Orde do 7 de xaneiro de 2022*, terán preferencia para a contratación, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora que se contrate o/a conxuxe, fillo e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Na selección valoraranse os seguinte méritos:

### **1.- Situación persoal:** establecese o seguinte baremo para a valoración de méritos:

- a) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia: 0,80 puntos.
- b) Menores de 30 anos: 0,50 puntos.
- c) Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego (neste caso non será valorado o apartado b ): 0,75 puntos.
- d) Persoas paradas de longa duración (Estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses): 0,60 puntos.
- e) Persoas con discapacidade: persoas con un grado de discapacidade reconecido, igual ou superior o 33%: 0,65 puntos.  
Este apartado será valorado, sempre que o grado de discapacidade non impida a realización das tarefas propias do posto de traballo.
- f) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito: 0,65 puntos.
- g) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 0,50 puntos
- h) Persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia: 0,50 puntos

A puntuación máxima da suma destes apartados será de: **2,50** puntos.

Para a súa valoración deberán estar documentalmente debidamente acreditados.

Asemesmo e dacordo co citado artigo 14 da *Orde do 7 xaneiro de 2022*, terase en conta a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, con 0.50 puntos por cada persoa o seu cargo, previa acreditación documental. A puntuación máxima



neste apartado será de **2,00 puntos**.

**2.- Formación Profesional.** Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios, impartidos pola Escola Galega de Administración Pública ou calquera outro organismo competente para impartilos, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo (non se valorará a estes efectos os cursos que se consideren repetidos por ter un contido sustancialmente igual, valorándose nestes últimos casos só o de máis nivel e duración), ata un máximo de **2,00 puntos**, baremados do seguinte modo:

Cursos ata 20 horas: 0,20 puntos por curso

Cursos de 21 a 40 horas: 0,40 puntos por curso

Cursos de 41 a 100 horas: 0,50 puntos por curso

Cursos de de 101 a 250 horas: 0.60 puntos por curso

Cursos de de 251 a 500 horas: 0.70 puntos por curso

Cursos de máis de 500 horas: 0,80 puntos por curso

Programas formativos de alternancia Formación-Emprego, rematados satisfactoriamente (tipo Obradoiros de Emprego ou Escolas-Taller): 1 punto.

Por xornadas, seminarios ou congresos, ou cursos nos que non veñan especificados o nº de horas: 0.05 puntos por curso ou xornada.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia do diploma expedido pola entidade organizadora.

**3.- Coñecemento de galego: máximo 0.50 puntos .**

Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado).

- 1) Por estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente: 0.15 puntos
- 2) Por estar en posesión do CELGA 2 (validable por EXB) ou equivalente: 0.25 puntos.
- 3) Por estar en posesión do CELGA 3 (validable por ESO ou FPI) ou equivalente: 0.40 puntos
- 4) Por estar en posesión do CELGA 4 (validable por Bacharelato ou FPII) ou equivalente: 0.50 puntos.

**4.- Proba práctica.** As persoas candidatas deberán realizar unha proba práctica, de obrigado cumprimento, cos membros da Comisión de Selección, valorándose de 0 a **3,00** puntos.

En caso de empate dirimirase daccordo cos criterios de preferencia na contratación, establecidos na orde da convocatoria.

**BASE SEXTA.**- A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Secretario do Concello, ou persona en quen delegue.

Vogal:

Don Manuel Gándara Souto, ou persona en quen delegue

Secretaria: Dona M.<sup>a</sup> Esperanza Goyanes López , ou persoa en quen delegue.

**BASE SÉTIMA.**- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor do/a candidato/a que obtivese a maior puntuación, quedando en lista de reserva os/as candidatos/as que reunindo tódolos requesitos, obtivesen menor puntuación.



En caso de renuncias, ou baixas (sempre que se considerase necesaria a súa cobertura), procederase ó chamamento da seguinte persoa, da lista de reserva, por rigurosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos da *Orde do 7 de xaneiro de 2022*.

No suposto de que a lista de reserva se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese disponible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo, dacordo cos criterios da Orde de Convocatoria e os prazos establecidos de finalización do contrato.

No momento de formalización do contrato será preciso aportar os documentos orixinais, no caso de que non se fixera no momento da solicitude.

O Sr. Alcalde procederá a asinar coa persoa seleccionada o corresponde contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

### **BASE OITAVA. INTERPRETACIÓN DAS BASES.**

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e ós/ás aspirantes que participen no proceso. O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

### **BASE NOVENA. NORMA FINAL.**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

O mandou e asina o Sr. Alcalde-Presidente, Don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, ante min, a Secretaria-Interventora, D<sup>a</sup> Rosa María Cortés Redondo, nas Neves, na data sinalada no marxe deste documento, asinado electrónicamente.

## **ANEXO I** **MODELO DE INSTANCIA**





Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

Recibindo convocatoria do Servizo Público de Emprego, para a selección do seguinte posto de traballo: **PEÓN FORESTAL**, contratado ao abeiro do Orde 7 de xaneiro de 2022, que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural).

#### **DECLARA:**

- a) Que coñezo e acepto íntegramente o contido das bases de convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade da documentación que achego.
- b) Que solicito ser admitido/da a esta selección e comprométo-me a someterme ás Bases que o regulan.
- c) Que me comprometo a aportar no seu día os documentos acreditativos que se me requiran.
- d) Que autorizo expresamente ó Concello de As Neves a emitir volante de convivencia, se fose o caso.

Polo exposto e declarado,

**SOLICITA:** Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma, sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

Documentos que achega coa instancia:

DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.

Declaración Xurada, conforme Anexo II,

Declaración de responsabilidades familiares, se fose o caso.

Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

#### **Protección de Datos**

**INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS E CONSENTIMENTO) Concello das Neves (Responsable do Tratamento)**





(\*) Presto o meu consentimento para a xestión desta solicitude e actuacións administrativas pertinentes, así como do tratamento de datos para poder formar partes do proceso selectivo para o posto ofertado, tanto dos datos da propia solicitude así como da documentación que achego, acepto que ditos datos sexan utilizados para as actuacións administrativas pertinentes e o envío de información de interese xeral, tamén son informado/a neste intre e nas bases desta convocatoria en canto o tratamento e custodia dos datos persoais recabados polo Responsable de Tratamento e digo aceptar o fin da xestión de selección de persoal e a información básica sobre protección de datos deste Responsable de Tratamento (Concello das Neves), sendo a lexitimación o consentimento do/a solicitante.

**Información relativa a tratamento e Protección de Datos (RXP) e (LOPDGDD):** En cumprimento da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)** e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXP, informámoslle que os seus datos, serán incorporado o **Registro de Actividades de Tratamento de Persoal**, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin da xestión e trámite do súa solicitude. No tratamento dos datos aplicaránse as políticas de seguridade que establece o ENS e RXP, información do tratamento que pode consultar en: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1> tamén pode exercer os dereitos que establece o RXP dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en **Praza da Cristiandade 1, AS NEVES (36440) (Pontevedra)** ou vía mail: [concello@asneves.gal](mailto:concello@asneves.gal) a, atención da Delegada de Protección Datos, facendo referencia o dereito que desexa exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

(\*) marcar cun X no caso afirmativo.

....., ..... de ..... do 2022

*(Sinatura do/a solicitante)*

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NEVES





ANEXO II

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

**DECLARO:**

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

As Neves, \_\_\_\_\_

Asdo.



### ANEXO III: DECLARACIÓN XURADA

D/DNA \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

DNI nº \_\_\_\_\_ Teléfono de contacto: \_\_\_\_\_

Vistas as bases de selección para a contratación dunha persoa para o posto de **Peón Forestal**, ao abeiro do *Orde 7 de xaneiro de 2022, que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural)*,

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que na táboa incluída neste escrito se recolle a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

NOME	DATA NAC.	DNI	PARENTESCO

Que, no caso de non cumprimentar a táboa anterior, é coñecedor/a de que non poderá recibir ningún tipo de puntuación polas cargas familiares e/ou nivel de rendas recollidas nas bases da convocatoria.

Que mediante a sinatura desta declaración xurada, autoriza ao tribunal a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nela.

Que mediante a sinatura deste documento responsabilízase da veracidade de todos os datos que recolle, e asume as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información.

Vistos estes antecedentes, é polo que:

#### SOLICITA

Se teña por presentada esta declaración xurada como documentación obrigatoria do proceso selectivo referenciado.

As Neves, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

